



Igrexa de San Mamede de Moldes, Boborás.



Ponte de Castro Cavadoso



Área Etnográfica do Arenteiro

DISTANCIA 11,1 km		TEMPO ESTIMADO 3h 30 min		TIPO DE PERCORRIDO Lineal	
ALTURA MÁXIMA 409 m		ALTURA MÍNIMA 108 m		DESNIVEL ACUMULADO +270/-533 m	

DIFICULTADE Baixa **HOMOLOGADA** Si

PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA O Carballiño ou Pazos do Arenteiro

ACCESO EN BICICLETA En BTT. Algún porteo en escaleiras de madeira.

M.I.D.E.	Medio	Itinerario	Desprazamento	Esfuerzo
	1	1	2	3

SERVIZOS/SERVICIOS

Na vila de O Carballiño podemos atopar calqueira servizo que precisemos, aloxamento, hostalería, farmacia, taxis. Na aldea de Pazos de Arenteiro podemos atopar servizos de aloxamento e hostalería.

En la villa de O Carballiño podemos encontrar cualquier servicio que necesitemos, alojamiento, hostelería, farmacia, taxis. En la aldea de Pazos de Arenteiro podemos encontrar servicios de alojamiento y hostelería.

A senda do Arenteiro levaranos dende o Parque Municipal de O Carballiño ata o Conxunto Histórico-Artístico de Pazos do Arenteiro. A través de el, achegáremos a distintos lugares de gran interese patrimonial.

A ruta comeza na Área Etnográfica do Arenteiro, na marxe esquerda do río Arenteiro na poboación de O Carballiño e percorrermos ao seu carón o primeiro treito, mediante pasarelas e escaleiras de madeira e posteriormente por unha senda fluvial. Unha vez finalizado este tramo, o camiño levaranos polo Monte das Regas, dende o que é posible obter unhas boas vistas da contorna do sendeiro. Máis adiante a senda descende ata a ponte medieval de Ponterriza, que cruza o río Arenteiro unha vez máis.

Ao chegar a Moldes, é posible desviarse brevemente para ascender ata a igrexa de San Mamede de Moldes, de estilo románico e orixe medieval. Máis adiante atópanse as ruínas do castelo de Castro Cabadoso, destruído polas Revoltas Irmandiñas no século XV.

Pouco despois atoparemos unha ponte da mesma orixe que o castelo e que destaca pola distancia do seu arco ó leito do río Arenteiro. A continuación a ruta atravesa a poboación de Cabanelas e lévanos cara o derradeiro descenso ata acadar de novo o leito do río Arenteiro e tamén, por último, Pazos do Arenteiro.

La senda de Arenteiro nos levará desde el Parque Municipal de O Carballiño hasta el Conjunto Histórico- Artístico de Pazos de Arenteiro. A través de el, nos acercaremos a distintos lugares de gran interés patrimonial.

La ruta comienza en el Área Etnográfica do Arenteiro, en el margen izquierdo del río Arenteiro en la población de O Carballiño y recorreremos junto a él el primer trecho, mediante pasarelas y escaleras de madera y posteriormente por una senda fluvial. Una vez finalizado ese tramo, el camino nos llevará por el Monte das Regas, desde que es posible obtener unas buenas vistas del contorno del sendero. Más adelante la senda desciende hasta el puente medieval de Ponterriza que cruza el río Arenteiro una vez más.

Al llegar a Moldes, es posible desviarse brevemente para ascender hasta la iglesia de San Mamede de Moldes, de estilo románico y origen medieval. Más adelante se encuentran las ruínas del castillo de Castro Cabadoso, destruído por las revueltas irmandiñas en el siglo XV

Poco después encontraremos un puente del mismo origen que el castillo y que destaca por la distancia de su arco al lecho del río Arenteiro. A continuación, la ruta atravesa la población de Cabanelas y nos lleva hacia el último descenso hasta alcanzar de nuevo el lecho del río Arenteiro y finalmente, Pazos de Arenteiro.

